

SR. ALCALDE E MEMBROS DO GRUPO DO GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA



A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) dende 1.993 leva organizados 10 Encontros de Embarcacións Tradicionais de Galicia, o que converte a este evento no máis importante de náutica tradicional que se celebra en España. O seu carácter itinerante propicia que toda a Comunidade Galega sexa partícipe dun espectáculo que en Carril reuniu a 154 embarcacións e 700 tripulantes chegados de Galicia e doutras comunidades litorais españolas, de Portugal, de Francia e doutros países europeos. 25.000 visitantes ao evento falan do seu impacto económico, e á vez de promoción turística, para Vilagarcía.

O interese das asociacións vinculadas ao patrimonio marítimo galego de Vilagarcía xunto co apoio do seu Concello motivou a elección de Carril para a celebración do X Encontro. O Concello referendou o seu compromiso co evento mediante un acordo plenario, aprobado de xeito unánime por toda a Corporación e, posteriormente **comprometendo verbalmente un apoio económico de 40.000 euros**. Nas anteriores nove edicións do Encontro, a FGCMF sempre contou coa colaboración das diferentes administracións, **con acordos verbais previos** que logo se resolveron oportunamente, mesmo a posteriori da realización do Encontro, pero sempre todas as administracións cumpriron os seus compromisos adquiridos. Polo carácter bianual do Encontro, o evento coincide na súa preparación e realización con eleccións municipais ou autonómicas, que en algúns casos levou a cambios nas composicións das administracións públicas participantes como organizadores ou patrocinadores, sen que estes cambios afectasen aos compromisos verbais ou escritos acordados para os Encontros.

Vilagarcía, cidade marítima, sempre tivo unha firme e decidida actitude a prol da náutica tradicional, corroborada tanto pola proposta pública do seu Alcal solicitando a realización do XI Encontro en Vilagarcía, como pola sinatura de senllos convenios entre Concello e a Asociación Rompetimóns de Carril para a construción dun galeón, verdadeiro símbolo da cabotaxe costeira das Rías Baixas, e a súa dinamización mediante saídas públicas pola ría, o que sen dúbida vai incrementar os activos turísticos á vez que está a garantir a salvagarda cultural do saber marifeiro de Vilagarcía. Dende a FGCMF aplaudimos esta aposta pola náutica tradicional, **pero é inadmisíble que os 90.000 euros** de fondos europeos que o Concello destinou aos dous convenios que asinou con Rompetimóns sexan considerados polo actual Goberno Municipal de Vilagarcía unha achega ao X Encontro. Nos

citados convenios **non se atopa referencia algunha ao X Encontro**, máis cando o primeiro dos convenios foi asinado 7 meses antes de coñecerse que o X Encontro sería en Carril.

Os membros do Comité Organizador do X Encontro comprometeron unha achega ao mesmo, xa sexa económica, de traballo, ou de ámbalas dúas cousas. Todos os membros do Comité Organizador cumpriron co seu compromiso, menos o Concello de Vilagarcía. Porén, a FGCMF consciente da delicada situación económica xeral, en aras de chegar a un acordo que permita **pagar aos provedores do Encontro de Carril**, realizou diferentes solicitudes ao Concello para que en calidade de co-organizador do X Encontro aporte ao mesmo 20.973,66 euros, pouco máis da metade do que comprometera.

O X Encontro foi un éxito innegable mercé, sobre todo, ao esforzo das tripulacións galegas e das que nos visitaron de fora de Galicia que sufragaron eles mesmas moitos dos gastos derivados, así como pola extraordinaria implicación de xente de Vilagarcía que se volcou nesta festa da cultura marítima. A decisión do Concello de Vilagarcía de non asumir o seu compromiso coa organización do X Encontro constitúe a única sombra sobre o éxito desa cita.

Por todo o anteriormente indicado e tendo en conta que nos vindeiro días vanse levar ao Pleno de ese Concello os orzamentos do ano 2012, reiteramos a nosa petición para que o Concello de Vilagarcía cumpra unha parte do compromiso económico adquirido verbalmente co X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia e aporte ao mesmo a cantidade de 20.973,66 euros, para pagar ás empresas proveedoras do mesmo. De non ser así, **sería a primeira vez nos 18 anos que se ven realizando o Encontro que unha administración non cumprira os seus compromisos verbais ou escritos con este evento**, co consecuente dano a varias empresas galegas, comprometendo a convocatoria do XI Encontro, botando pola borda o esforzo realizado pola Organización do Encontro de Carril para promocionar turisticamente a Vilagarcía en base ao evento, e finalmente facendo que o traballo de tantas persoas de Carril e Vilaxoán quede esvaecido por estas circunstancias.

Cambados, a 21 de decembro do 2011

The image shows a circular blue stamp of the Federación Galega de Cultura Marítima (FGCMF). The text around the perimeter of the stamp reads "FEDERACIÓN GALEGA DE CULTURA MARÍTIMA". In the center of the stamp, there is a stylized graphic of a ship's mast and sails. A handwritten signature in blue ink is written across the stamp.

Víctor Fernández González
Presidente da FGCMF